



Concello de Vilasantar
(Ru s/n 15807 Vilasantar-Galiza)
www.vilasantar.com

ACTA Nº 2017/08
PLENO LUNS 30 DE OUTUBRO DE 2017

ACTA Nº 2017/08

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN **LUNS 30 DE OUTUBRO DE 2017 -**



ACTA Nº 2017/08

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO PEREZ FERNANDEZ

ASISTEN:

BNG

JOSE ANTONIO COTOS SEOANE

MARTA GARCIA SANCHEZ

ALVARO XESUS GARCIA FREIRE

PP

OSCAR VAZQUEZ CORRAL

JESUS GOMEZ GARCIA

JOSE DAVID PINTOR PAZO

JOSE EMILIO MAHIA NEIRA

AUSENCIAS:

PP

MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS

SECRETARIO:

AFONSO BIEITO LORENZO PENELA

SESIÓN EXTRAORDINARIA SALA DE SESIONS, LUNS 30 DE OUTUBRO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 13:15 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, no seu caso, do borrador da acta da sesión anterior.
2. Modificación da ordenanza n.º 1 de Imposto de Bens Inmóbeis.
3. Modificación da ordenanza n.º 3 de Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.

1.- Aprobación de actas anteriores (00' 20")

A continuación dáse conta de que a acta anterior non foi remitida, polo que non se pode proceder ao seu estudo.

2.- Modificación da Ordenanzas fiscal nº 1 reguladora do Imposto de Bens Inmóbeis. (00' 31")



A proposta de acordo é a seguinte:

A) *Proposta de Alcaldía de modificación da ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles:*

REDACCIÓN ACTUAL.

Artigo 4º.- Bonificacións

- Gozarán dunha bonificación do 50% as vivendas habituais dos suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, durante un período de 15 anos.

PROPOSTA DE CAMBIO.

Artigo 4º.- Bonificacións

1) Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación 50% na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que estea empadroadado, coas seguintes características:

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible que o interesado a solicite, debendo acreditar:

- a) O empadramento na vivenda obxecto de solicitude.*
- b) A condición de categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.*
- c) Para gozar desta bonificación deberá presentar, anualmente, unha copia compulsada do título de familia numerosa.*

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

Con carácter xeral, o efecto da concesión da bonificación comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non terá carácter retroactivo.

2) - Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.



- No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Estas dúas bonificacións só beneficiarán aos profesionais en activo do sector primario que desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais. Aplicarase unha bonificación do 30% aos pensionistas do réxime especial agrario que xa non estean en activo, no caso de cumprir as prescricións contidas nos dous parágrafos anteriores.

Para poder aplicar esta bonificación á construción cuxa existencia motiva a súa solicitude, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asinado un valor catastral económico

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.
- Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.



- *No caso de pensionistas do Réxime especial agrario deberán de presentar xustificación da orixe da pensión.*

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Toma a palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández que explica as bonificacións propostas que fan referencia a primeira ás familias numerosas e que basicamente preténdese unha mellora na redacción, lendo a proposta.

A continuación toma a labra o portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane quen manifesta que non ten nada que dicir sobre esta bonificación.

Continúa o alcalde coa segunda procedendo igualmente á súa lectura.

(06: 04") A continuación toma a labra o portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane quen manifesta que se alegra de que se inclúa a bonificación do 30% aos pensionistas que era unha proposta do seu grupo, interrompendo o alcalde para dicir que non lle vai consentir que insista en que é unha proposta súa, porque non é certo, é unha proposta que está aí e que a inclúe o seu grupo.

Continúa José Antonio Cotos Seoane insistindo en que o propuxo el, o que provoca unha breve discusión co alcalde. Retoma a palabra para indicar que non están de acordo coa porcentaxe, que consideramos que é baixo. En segundo lugar di que eles xa fixera n unha proposta no mes de maio do ano pasado, con máis contido ca este e agora vense con toda a presa.

Fernando Pérez Fernández pregunta se a proposta que vós trouxechedes foi no pleno do 23-05-2016, e nela nin propoñedes bonificación para as actividades mixtas, do 50%, nin para os pensionistas, nin para as agrarias do 95% que propoñemos. O primeiro concello que aprobou bonificar aos pensionistas da agraria, foi o de Oza-Cesuras.

Continúa pedindo a aprobación entre todos desta bonificación, que considera moi rica.



A seguir traslada ao pleno algúns datos sobre este imposto, como que o valor catastral do municipio é de 35.678.870 € en urbana (antes da regularización catastral) e en rústica, 5.338.216 € (todo 41.017.086). Os tipos actuais son do 0,5% en urbana, supoñendo o 16,39% do orzamento ordinario. A maioría dos concellos ingresan máis do dobre. A regularización catastral é case toda en urbana, aumentando o valor catastral en aproximadamente 11.000.000 en urbana e 61.000 en rústica, cun total de 52.134.391 € de valor catastral, pasando a recadación de aproximadamente 213.000 a 268.000 euros, o que representa o 20,67%, cando o normal nos concellos é que sexa máis do 30%.

Con respecto á bonificación da agraria entende que non é unha proposta do BNG, vós o comentariades, pero tamén nós ou Oza Cesuras. Se fora unha achega vosa teríadela incluído no pleno do 25-05-2016 e non o fixéchedes, contestando Álvaro García Freire (BNG) que si que a incluíron na convocatoria do pleno extraordinario, matizando o alcalde que fala do outro pleno.

Transcorridos 14'59"”, procédese á votación, sendo aprobada a proposta por 5 votos a favor (PP) e 3 abstencións (BNG), adoptándose, en consecuencia, os seguintes acordos:

PRIMEIRO. *Aprobar provisionalmente a Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbeis.*

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición polo prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no suposto de non se presentaren reclamacións ao expediente, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.- Modificación da Ordenanzas fiscal nº 2 reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica. (16'45")

Toma a palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández quen propón en nome do seu grupo unha modificación á proposta realizada, incrementando os vehículos bonificábeis, de unicamente os vehículos híbridos ao 25% a tamén os eléctricos, de



motor eléctrico ou de emisións nulas, neste caso ao 50%. En resume quedaría redactada do seguinte xeito:

B) Proposta de Alcaldía de modificación da ORDENANZA FISCAL N.º 2, DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA:

REDACCIÓN ACTUAL.

Artigo 5º Bonificacións e exencións:

Establécese unha bonificación aos vehículos híbridos de tracción mecánica do 25% da cota que lle correspondería ao vehículo cos seus mesmos cabalos fiscais.

Establécese unha bonificación aos vehículos de máis de vinte e cinco anos do 100% da cota que lle correspondería.

PROPOSTA DE CAMBIO.

Artigo 5º Bonificacións e exencións:

a) Establécese unha bonificación aos vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, motor eléctrico diesel, que estean homologados de fábrica) de tracción mecánica do 25% da cota que lle correspondería ao vehículo cos seus mesmos cabalos fiscais, e establécese unha bonificación aos vehículos eléctricos, de motor eléctrico e/ou de emisións nulas, do 50% da cota que lle correspondería ao vehículo cos seus mesmos cabalos fiscais

b) Establécese unha bonificación aos vehículos de máis de vinte e cinco anos do 100% da cota que lle correspondería.

c) En relación co disposto no parágrafo segundo do artigo 93.2 do Texto refucido da lei reguladora das facendas locais, os solicitantes de exención por discapacidade deberán de chegar o certificado de discapacidade (en grao igual ou superior ao 33 por cento) emitido polo órgano competente, ou, na súa falta, acreditación da condición de pensionista da Seguridade social que teña recoñecida unha pensión de incapacidade no grao de total, absoluto ou gran invalidez, ou de pensionista e clases pasivas que teña recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

O secretario do concello informa verbalmente que esta nova redacción supón unha variación, que pode ser substancial se non agora si nun futuro próximo, que está sen avaliar e que, en calquera caso, vai afectar á estabilidade orzamentaria e a regra do



gasto, cando no informe que fixera sobre esta ordenanza manifestaba que non afectaría nin a unha nin a outra.

Continúa Fernando Pérez Fernández que explica o outro apartado proposto e referido aos discapacitados

A continuación toma a labra o portavoz do BNG Álvaro García Freire quen manifesta o seu acordo coa nova redacción

Transcorridos 23'08"”, procédese á votación, sendo aprobada a proposta por unanimidade, adoptándose, en consecuencia, os seguintes acordos:

PRIMEIRO. *Aprobar provisionalmente a Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.*

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición polo prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no suposto de non se presentaren reclamacións ao expediente, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Sendo as 13h e 39 minutos e transcorridos 23:15 minutos dende o inicio e non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, mércores 15 de novembro de 2017

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández